



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de febreiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(147).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de febreiro e extraordinaria e urxente do 8 de febreiro de 2018, rectificando o punto “1.- Acta Anterior” da sesión ordinaria do seguinte xeito: onde di “ Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 25 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2018” debe dicir “ Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 25 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2018”. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(148).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓNS E DEMOLICIÓNS XERADOS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 79712/250.

Visto o informe de fiscalización do 13/02/18, dáse conta do informe-proposta do 12/02/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de xaneiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Concello de Vigo

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., o día 26 de xaneiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 8 de febreiro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., de acordo coas actuacións e os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e

demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) por un importe total de 200.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.181,82 euros, cunha baixa única do 12,50% sobre todos os prezos unitarios que figuran no Anexo I do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(149).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS. EXPTE. 12659/445.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 16/02/18, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares):

1. DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)
2. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 1 “turismos e furgoneta” deste procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitador	Puntos xuízo de valor	Puntos fórmula	Total
1	TALLERES FONTÁN, S.L.	12 puntos	80 puntos	92 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES FONTÁN, S.L. (lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 2.005,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(150).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O LOTE 2 “CAMIÓN, BUSES E MAQUINARIA” NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO CONCELLO DE VIGO, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS. EXPTE. 12659/445.

Dáse conta do informe-proposta do 16/02/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de reparación da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) (lote 2 “camión, buses e maquinaria”)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445)

Primeiro.- Con data do 9 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445).

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 3 de xaneiro de 2018, concorreron a esta licitación, os seguintes licitadores:

1. TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L.
2. TALLERES FONTÁN, S.L.
3. DISTRUBUCIONES SALRUBBER, S.L.
4. GRUPO ELGONSA VIGO, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2018 abreu sobre A “*documentación persoal*” das proposicións presentadas, constatándose os licitadores que se presentaron a cada un dos lotes:

- TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2)
- TALLERES FONTÁN, S.L. (lote 1)
- DISTRUBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1)
- GRUPO ELGONSA VIGO, S.L. (lote 3)

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 17 de xaneiro de 2018, acordou declarar deserto o lote 3 “*motocicletas*” por terse presentado un único licitador e resultar excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Na sesión do 15 de febreiro de 2018 a Mesa de Contratación acordou excluír deste procedemento DISTRIBUCIONES SALRUBBER, S.L. (lote 1) e TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. (lote 2) por apartase substancialmente as súas proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Sendo TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L. o único licitador presentado ao lote 2 “*camións, buses e maquinaria*” deste procedemento procede declarar deserto este lote.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



Concello de Vigo

Dado que o único licitador presentado ao lote 2 deste procedemento, TALLERES GARCÍA BARREIRO, S.L., foi excluído por acordo da Mesa de Contratación de data 15 de febreiro de 2018 por apartase substancialmente a súa proposicións do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares), cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 2 “camións, buses e maquinaria” do procedemento aberto para a contratación do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (12.659-445) por terse excluído ao único licitador presentado a este lote”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(151).- NORMAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2018-2019. EXPTE. 21809/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/02/18, asinado pola xefa do servizo de Educación e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

O técnico superior de educación en data 14 de febreiro de 2018 emite o seguinte informe:

“O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, oito Escolas Infantís do primeiro nivel 0-3 anos (Costeira-Saiáns, Casiano Martínez-Bouzas, Tomás Alonso, Santa Marta-Casco Vello, Atalaia-Teis, Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos e Navia), ao abeiro da posibilidade contemplada no seu día polo artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 23 de febreiro de 2017 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2017-2018 (Expte 18610/332)*. Este Servizo de Educación Municipal anualmente vén acolléndose ás distintas convocatorias de subvención da Xunta de Galicia que concretan a definición de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes das corporacións locais. Unha das obrigas específicas que deben ter en conta estes equipamentos infantís é a obrigatoriedade tal como é o caso da Rede de EIM, de igualar a puntuación das solicitudes de novo ingreso ao baremo de criterios preferentes que propón a administración competente, ao abeiro da Orde anual pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. De conformidade con isto, o Servizo Municipal de Educación, está na obriga de publicar, con carácter anual, unha Norma que ordene e regule o proceso para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais.

Polo demais, as normas para o vindeiro curso só incorporan, como novidade salientable verbo das do curso 2017-2018, a substitución, por unha declaración xurada de veracidade dos

datos, do requisito de presentar coa solicitude a documentación correspondente. Só aquelas persoas que aparezan como titulares de praza (provisional) nas Listas Provisionais de admitidos, deberán presentar, entón sí, a documentación que se indica nas propias Normas. En canto á tramitación interna do proceso, para esta convocatoria iniciárase, en colaboración co departamento municipal de Administración Electrónica, a dixitalización das solicitudes, mediante a súa identificación e rexistro, de cara a unha futura tramitación electrónica deste procedemento.”

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), conforme a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece como competencia propia:

“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, compre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto no se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2018-2019 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2018-2019, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar á concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2018-2019, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2018-2019

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas Normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2018/2019 e establecer a convocatoria e calendario do procedemento. Conforman a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Bouzas, Tomás Alonso, Mestres Goldar-Castrelos e Navia.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido antes do vencimento do prazo establecido no punto 8.A.2 destas Normas.
2. Idade do/a neno/a
 - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
 - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2018
Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
1. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.
2. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, con carácter xeral non poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2017/2018, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

Poderá reservarse praza noutro centro, por cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza (renovada ou de novo ingreso) na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 1 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das dúas opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito extraordinario e con carácter xeral, a partir do mes de setembro e ata o mes de decembro (ampliable ata o mes de febreiro de 2019 só para os/as nenos/as nados no ano 2018), no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. Horario

As EIM, con carácter xeral, dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polas seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde	Contínuo (*)
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.	09:00 a 17:00 h
(*) Só dispoñible para a EIM Costeira-Saíáns			10:00 a 18:00 h



Concello de Vigo

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07:30 e as 09:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda de mañá será entre as 15:30 e as 15:45 horas.
- ◆ Na EIM Costeira-Saiáns a hora de entrada prolongarase ata as 10:00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16:00 horas.
- ◆ A saída do centro para a quenda da tarde será entre as 19:45 e as 20:00 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda.

2. Calendario

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e as festas laborais de carácter local, declarados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día 6 de setembro de 2018.

O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período comprendido entre o 5 de setembro de 2018 a 31 de xullo de 2019.

2.1 Horarios especiais

Con motivo de desenvolver as sesións de traballo trimestrais do equipo educativo para a preparación da programación, as escolas infantís municipais pecharán as 19 h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, horario amplo, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23, ano 2018), coas exencións e bonificacións nela contidas. Para o curso 2018-2019 son as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matriculación	Mensualidade
Ata 327,83 €	Exento/a	Exento/a
Ata 512,92 € familias numerosas	Exento/a	Exento/a
Entre 327,83 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Maior de 534,00 €	124	124

2. **Estarán exentos** das taxas reguladas en dita ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes.

No caso dun menor de 25 anos con un grao de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grao de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

3. **Estarán exentos** do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per cápita inferiores a 6.155 €.
4. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
 - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
 - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza. Se a incorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.
 - c) No suposto de familias que non teñan previsto a asistencia dos seus fillos/as durante o mes de xullo, deberán comunicalo á dirección da correspondente escola infantil municipal con anterioridade ao día 30 de xuño. Neste caso, deixarase de emitir a estas familias o recibo do mes de xullo, ben na súa totalidade, ben na metade do seu importe, dependendo do período previsto de inasistencia.
5. Ao longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente cando concorran e se xustifiquen algún dos seguintes casos:
 - a) A modificación nos ingresos dalgún membro da unidade familiar, modificación que teña, cando menos, unha duración de 4 meses para ser tidas en conta, xustificándose coa declaración do IRPF, certificado emitido pola Axencia Tributaria, nóminas ou certificado do INEM que acredite se é beneficiario/a de prestación de desemprego.
 - b) A variación no número de membros da unidade familiar.



Concello de Vigo

6. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido ou diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.
7. As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.
2. Teñen a consideración de ingresos totais a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas de cada un dos membros da unidade familiar.
Para os efectos desta Norma tomarase para o cálculo da cota a declaración do IRPF correspondente ao ano 2016.
3. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
Entenderase por familia monoparental cando formase parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
4. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade e máis
 - As/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
 - As/os fillas/os maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33% ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando as circunstancias concorrentes no momento da presentación da solicitude de praza non coincidan coa declaración do IRPF, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación de baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no seu momento.

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso, Bouzas, Mestres Goldar-Castrellos e Navia. Poderán tamén descargarse da páxina web: www.escolasvigo.org/reim. A solicitude de praza poderá realizarse tamén "on line", na mesma páxina web.

Os impresos de solicitude inclúen unha declaración responsable na que o solicitante manifesta baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos para participar no procedemento de adxudicación e, no seu caso, ter dereito á praza e que dispón da documentación que así o acredita de conformidade co artigo 69 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ao día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2018-2019 na quenda na que estivera matriculado no curso 2017-2018.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese **do 5 ao 27 de marzo de 2018** e realizarase na propia escola infantil na que está matriculado.

2.- Solicitudes de novo ingreso

a) Solicitud presencial. As solicitudes, conforme ao modelo normalizado, presentaranse no Servizo Municipal de Educación ou en calquera das Escolas Infantís Municipais para as que se solicita praza.

b) Solicitud telemática. Unha vez realizada a solicitude "on line", seguindo as instrucións que se indican na web www.escolasvigo.org/reim, deberán entregar o xustificante que se obtén da web, debidamente asinado, e presentalo en calquera dos lugares indicados para a solicitude presencial.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza as familias que teñan previsto o nacemento do/a seu/súa fillo/a antes do 25 de abril de 2018, data tope de nacemento para a súa posible admisión, sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

O prazo de presentación de solicitudes establécese **do 5 ao 27 de marzo de 2018**

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida. Aqueles/as solicitantes que figuren con praza adxudicada en cada escola, deberán presentar obrigatoriamente no **Servizo de Educación**, a documentación xustificativa que se indica no punto 8.B destas Normas no prazo de **10 días naturais** contados a partir da data de publicación das listas provisionais. O mesmo prazo rexerá para a presentación das reclamacións que se consideren oportunas.

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 7 de maio de 2018**.

4.- Listas definitivas

Comprobarase, coa documentación achegada, a veracidade dos datos manifestados nas solicitudes. A inexactitude, falsidade u omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información, ou a non presentación da documentación acreditativa do declarado, conleva a imposibilidade de continuar co proceso de adxudicación da correspondente solicitude, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

As reclamacións presentadas no prazo sinalado no punto 3, logo da súa análise e valoración considerarase resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados no 8.A.3, a partir do **día 5 de xuño de 2018**.

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2017-2018:



Concello de Vigo

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **25 de xuño ao 6 de xullo de 2018**. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente presentar o impreso de aceptación de praza (**Anexo 2** destas Normas) debidamente cuberto, así como formalizar o pago da matrícula, no prazo que se indica, en caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado no curso 2018-2019:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **6 ao 22 de xuño de 2018**.

Durante este prazo as familias de nenas/nenos admitidas/os formalizarán a reserva de praza **na escola onde obtivesen a praza**, presentando o Impreso de aceptación de praza (**Anexo 2**) debidamente cuberto e, de selo caso, formalizando o pago da matrícula correspondente, en caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. **Alumnado procedente do curso 2017-2018:**

Calquera documentación que acredite cambios na situación familiar anterior.

2. **Alumnado de novo ingreso:**

As persoas que figuren nas Listas provisionais con praza asignada en calquera das escolas infantís municipais, deberán **obrigatoriamente** presentar, no **Servizo Municipal de Educación**, e no prazo indicado na Norma 8.A.3, a seguinte documentación:

- a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.
- b) Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar o orixinal.
- c) Vida Laboral (para acreditar modificacións na situación laboral)
- d) No caso de persoas desempregadas, deberán presentar certificación do INEM que acredite se é beneficiario/a ou non da prestación de desemprego e, neste último caso, vida laboral.

Naqueles casos nos que, por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental, será preciso un informe dos Servizos sociais.

e) **OUTROS DOCUMENTOS**, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais **puntuables no baremo**:

- As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante informe dos Servizos sociais.
- O certificado do recoñecemento do grao de discapacidade da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).
- A condición de **familia monoparental**, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez, acreditarase mediante:
 - Fotocopia do libro de familia. Deberá acompañar o orixinal no momento da solicitude.

- Sentenza de separación/divorcio
- Convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais
- De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste epígrafe, poderase presentar informe dos Servizos sociais.

A falta de presentación dalgun destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a **renuncia** implícita de ser valorado no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo 1.

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fíxese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para a máis eficaz realización do seu cometido.

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no Anexo 1 destas Normas, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
 - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
 - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado pola concelleira de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

UNDÉCIMA.- Publicidade

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicarase no Servizo Municipal de Educación, na páxina web www.escolasvigo.org/reim e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

DUODÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DÉCIMO TERCEIRA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza



Concello de Vigo

1. Unha vez comprobada a documentación xustificativa das circunstancias alegadas polos solicitantes, así como as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte. Esta relación poderase consultar nos mesmos lugares que a relación provisoria.
2. As/os solicitantes admitidas/os disporán dos prazos indicados na Norma 8.A.5, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o Impreso de aceptación de praza (Anexo 2) debidamente asinado, así como o xustificante de pagamento da matrícula.
3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.
4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas

DÉCIMO CUARTA.- Lista de agarda

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.
3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a esta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten fóra de prazo, de conformidade co referido no punto C da Norma 3ª.

DÉCIMO QUINTA.- Baixas

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
 - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
 - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
 - c) Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.
 - d) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
 - e) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
 - f) Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
 - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
 - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
2. As baixas motivadas polo establecido nas líñas e), f), g) e h), resolveraa a concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde esté a/o

na/na matriculada/da e o informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da concelleira delegada de Educación.

3. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.

DÉCIMO SEXTA.- Regulamento xeral

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2018-2019. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, probe o Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá dictar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

ANEXO 1

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2018/2019

BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente) (O IPREM ANUAL PARA 2018 É DE 7.519,59 €)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
SITUACIÓN LABORAL (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai 	7 7
Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	



Concello de Vigo

Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai 	2 2
Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai 	3 3
Nas familias monoparentais, esta puntuación asimíllase á formada por dous membros	
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)	2

ANEXO 2

DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2018/2019

Dña
e D.
na súa calidade de nai/pai/representante legal do/a neno/a
.....
pola presente manifestan:

1º) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2018-2019 na EIM
.....
a nome do/a neno/a
.....
na quenda de, dacordo co indicado nas Listas Definitivas publicadas polo Concello de Vigo o 5 de xuño de 2018.

Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos na oferta da Rede de Escolas Infantís Municipais, de ca-

racter educativo e asistencial (de conformidade co establecido no Decreto 329/2005, que regula os centros de atención á infancia), entre os que se inclúen o almorzo e xantar, nas quendas de mañá, e merenda, nas quendas de tarde.

- 2º) Que aceptan o indicado nas Normas e Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, documentación que manifestan recibir.
- 3º) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4º) Que (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 5º) Que (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 6º) Que (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescripción facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

O que, en proba de conformidade, asinan en Vigo, a de de 2018

Os representantes legais da persoa usuaria,

6(152).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO “OUI, JANE!” PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 14882/77.

Visto o informe xurídico do 19/02/18, dáse conta do informe-proposta do 15/02/18, asinado polo xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “**Iniciativas Locais de Emprego**” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Oui Jane!” de comercio polo miúdo por correspondencia ou internet, con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Dona Sara Violeta Bouzada Novoa en calidade de representante, por acadar as seguintes características:



Concello de Vigo

O proxecto empresarial “**Oui Jane!**” é **innovador** na área de Vigo, e a súa innovación dentro do sector téxtil consiste na produción e venda de diversos produtos éticamente responsables que encaixen nun concepto ou estilo de vida determinado, neste caso, un estilo de vida feminista, solidario e sostible (libretas, artigos de papelería, moda, accesorios, textil hogar, artigos decorativos,...):

- Venta de produtos e artigos a través de unha plataforma de e-commerce , na que se combinará, a venda dos produtos información detallada dos talleres, novidades sobre a marca e actuacións comunicativas.
- Creación de comunidade nas redes sociais, como canal principal de comunicación das novidades da marca.
- Envío dos produtos a través de paquetería ó domicilio dos clientes.
- Búsqueda e selección de provedores sociais con proxectos que favorezcan a mulleres en risco de exclusión social e vítimas de distintas violencias.
- Compra e desenvolvemento de produtos en talleres sociais.
- Utilización de plataformas en redes sociais, para promoción.

A empresa terá o seu domicilio social na Avda. Camelias, nº 70 - baixo, no espazo de coworking Impact Hub de Vigo favorecendo o networking con outros proxectos que buscan un impacto social positivo e adoptará a forma xurídica de **Empresario individual autónomo**.

Oui Jane! é unha iniciativa empresarial innovadora no sector do comercio textil, que plantexa as seguintes liñas estratéxicas: produción ética, priorizando proxectos para mellorar a vida das mulleres, desenvolvemento de produto baseado en principios sostibles e de trazabilidade; transparencia na comunicación cos clientes e mirada feminista desde o deseño e a comunicación.

A empresa precisa dun investimento inicial de 13.400,00 €, sendo financiados na súa totalidade con recursos propios da persoa promotora (13.400,00 €).

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizar o proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “**Oui Jane!**” promovida por **Dona Sara Violeta Bouzada Novoa** en representación, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(153).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS” DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2018. EXPTE. 13224/306.

Visto o informe de fiscalización do 15/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 09/02/18, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 6 de febreiro de 2018, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización e educación medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais 2018.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle nove rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 2.200 participantes, que se desenvolverán nos meses de abril, maio e xuño de 2018. As actividades van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna coma de conformación dos ecosistemas e das dinámicas de adaptación ao medio é a protección deste, no presente caso, centradas nos monumentos naturais da bisbarra de Vigo (Galiñeiro, Aloia e Pena Corneira) e dos distintos lugares singulares centradas na biodiversidade existente.



Concello de Vigo

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 36.899,50 euros (IVE engadido).

A organización municipal da actividade non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

- O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas de día, de xeito que achegarán 3 euros para desprazamentos de medio día e 7 euros para desprazamentos de día completo. O resto do custe será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.
- O transporte discrecional é asumido de xeito completo polos usuarios nas rutas de Galicia, de xeito que achegarán 15 euros.
- O aloxamento e manutención nas rutas de Galicia será por conta dos usuarios que o abonarán directamente os usuarios no establecemento de hostelería correspondente.

Concepto e custes unitarios	Número de usuarios	Prezo por usuario	TOTAL
Ingreso percorrido Monte Aloia medio día	300	3	900
Ingreso percorrido Pena Corneira medio día	300	3	900
Ingreso percorrido Monte Pindo día completo	300	7	2.100
Ingreso percorrido Campodola día completo	300	7	2.100
Ingreso percorrido Serra do Caurel fin de semana	50	15	750
Ingreso percorrido Serra do Ancares fin de semana	50	15	750
INGRESO TOTAL			7.500 €
% de participación usuarios no custe total inicial: $7.500/36.899,50= 20,33\%$			

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos oito anos, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo e dos lugares máis destacados de Galicia, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao mesmo.

Nesta edición vanse traballar os “monumentos naturais” da bisbarra de Vigo (Galiñeiro, Aloia e Pena Corneira) e os distintos lugares de Galicia aos que se pode acceder en desprazamentos de un día (Monte Pindo e o Pregamento xeolóxico de Campodola). Tamén están previstas dúas saídas de fin de semana á Serra do Courel e á Serra de Ancares. Péchanse os percorridos medioambientais coa circulación nocturna por dous sendeiros locais en Vigo: Bembrive-Beade e Candeán, que aglutinan os contidos que dende Camiño a Camiño se están a desenvolver tanto en termos de hábitat como de coñecemento das parroquias de Vigo.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.



Concello de Vigo

A cofinanciación da actividade polos participantes, co obxecto de cubrir os custes do transporte das actividades que se desenvolvan fóra do termo municipal de Vigo considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepassar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: “Percorridos Medioambientais” dentro do programa Camiño a Camiño 2018, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 8 de febreiro de 2018, que recolle nove rutas medioambientais por ecosistemas de Vigo e lugares singulares da Bisbarra para un total de 2.200 participantes que se desenvolveran nos meses de abril, maio e xuño de 2018.

O orzamento total da actividade ascende a 36.899,50 euros, cuxo gasto se aplicará á partida orzamentaria 1721.227.99.08 “Programa Camiño a Camiño” do orzamento en vigor.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional de 3 euros en desprazamentos de medio día e de 7 euros para desprazamentos de día completo nos desprazamentos por Vigo, e de 15 euros para os desprazamentos nas rutas de Galicia, de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(154).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO SUBALTERNOS/AS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 31110/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/02/18, dáse conta do informe-proposta do 12/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 29/11/2017, a Xefa do Servizo de Conserxería, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente da Conserxería, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/12/2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 09/02/2018, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los*



Concello de Vigo

critérios que reglamentariamente se establezcan en desenvolvemento da normativa básica estatal para a súa debida coordinación con as ofertas de emprego do resto das Administracións Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Conserxería, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 16/12/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro subalternos/as para o Servizo de Conserxería, supón un gasto de **42.268,92 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **13.420,22 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a María Antonia González Peinado, con DNI *****789-T, D^a Ana Belén Vieira Parada, con DNI *****353-L, D^a María del Carmen Alonso Otero, con DNI *****547-Q e D^a Miriam Gómez Yáñez, con DNI *****166-A**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 02/02/2018, e 06/02/2018 optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito do 29/11/2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **42.268,92 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a María Antonia González Peinado, con DNI *****789-T, D^a Ana Belén Vieira Parada, con DNI *****353-L, D^a María del Carmen Alonso Otero, con DNI *****547-Q e D^a Miriam Gómez Yáñez, con DNI *****166-A**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa de Conserxería, Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade



Concello de Vigo

Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(155).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 28/12/2017 POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2017. EXPTE: 31433/220.

Dáse conta do informe-proposta do 14/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data de data 28/12/2017, adoptou acordo aprobando a Oferta de Emprego Público de 2017 (publicación oficial no BOP 29/12/2017).

Segundo.- No acordo da XGL de data 28/12/2017 consta que:

“Asimesmo, figuran vacantes as seguintes 10 das 13 prazas creadas por acordo Plenario de data 28/04/2011 (Expte 8215-77), en relación ao persoal laboral indefinido susceptible de regularización:

- 3 Técnicos de Xestión (unha xa incluída na OEP/2015 pola quenda libre.
- 1 Técnico Medio Servizos Económicos
- 1 Arquitecto-técnico/Aparellador.
- 1 Administrativo Admón. Xeral.
- 2 Auxiliar Admón. Xeral.
- 1 Técnico Actividades Culturais e Educativas.
- 1 Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas. Dita praza foi cuberta na OEP 2013 pola quenda de P.I.

Por último indicar que todo o persoal laboral indefinido existente no concello deberá ser regularizado, contemplando nas Ofertas de Emprego de cada ano as prazas necesarias ao efecto, tal e como se ven expoñendo nas diferentes Mesas Xerais de Negociación de cada ano.

Neste intre, e toda vez que pasaron a depender do Concello os antigos organismos autónomos Universidade Popular, Vigo-Zoo e Instituto Municipal dos Deportes, figuran en situación de laborais indefinidos por sentenza xudicial os seguintes traballadores:

PERSOAL INDEFINIDO PERO NON FIXO.- SENTENZAS XUDICIAIS PENDENTE DE INCLUIR EN OEPs

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

1 Mestre Formación- **INCLUIR OEP 2017 MESTRE FORMACIÓN ORFEBREÍA**

- Pablo Otero Pino, C1-Mestre Formación (Profesor Encadernación)

INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES

10 Axudantes mantemento- **INCLUIR OEP 2017-AXUDANTE MANTEMENTO**

- Jorge Castro Marcote
- Alejandro Italiani Álvarez
- Alberto Teixeira Rodríguez
- José Antonio Cerviño Pérez
- Miguel Rial Sanromán
- Antonio Iglesias Abalde
- Miguel Angel Santibáñez Pascual
- Sonia Vila Aragunde
- Fabio García Álvarez
- Miguel José Pujol Lima

VIGO-ZOO

1 Oficial Coidador, mantemento, vixianza e control.- **INCLUIDA NA OEP-2016-OFICIAL COIDADOR**

- Ivan Julio Ramos Martínez, oficial coidador,

RESTO SERVIZOS MUNICIPAIS

1 Técnico/a Superior-A1
3 Técnicos/as Superiores/as-A1
1 Diplomado/a Educación Social-A2
10 Técnicos/as Medios-A2
1 Técnico Medio-Encargado Obras-A2
1 Encargado Programa Util-C1
1 Delineante-C1
3 Auxiliar Administrativo/a-C2



Concello de Vigo

6 Administrativos/as -C1

TOTAL26 Traballadores/as

**TOTAL PERSONAL INDEFINIDO POR SENTENZA XUDICIAL A
20/DECEMBRO/2017.....38 EFECTIVOS, segundo seguinte detalle:**

1 Delineante-C1 (Ospio).- **INCLUIR OEP 2017- DELINEANTE**

- Begoña Buján Otero - Ospio

1 Encargado Programa Útil.- C1 – **PENDENTE REGULARIZAR**

- Isabel Pérez Rodríguez- **Reconvertir praza Cadro de Personal Municipal, aos efectos de que a interesada poda presentarse na OEP 2018**

3 Tecnicos/as Superiores-A1.- **INCLUIR OEP 2017.- TEC. SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS**

- Begoña Estévez Rodríguez
- Eva N^a- Magadán Mompó
- Carlos Juncal Gil

1 Tecnico/a Superior-A1 :**INCLUIDA NA OEP-2016-ENXEÑEIRO INDUSTRIAL**

- Ana M.^a. Mouriz Martínez

1 Diplomada Educación Social -A2 - **PENDENTE REGULARIZAR**

- Raquel Núñez Hernández - **Reconvertir praza Cadro de efectos de**

**Personal Municipal, aos
que a interesada poda presentarse na OEP
2018**

10 Técnico/a Medio/a Subgrupo A2 : **INCLUIDA NA OEP-2015 - TECNICO/A DE XESTIÓN**

- M^a. Pilar Pita Balteiro.-
- Sonia Rodríguez Ricart
- Celia de Monasterio Roldán
- Elisa Casal Prieto
- Eva García Barbosa
- Xosé Alberte Cea Rodríguez
- M^a. Gloria Pérez Durán
- M^a. Carmen Cores Otero
- Sonia M^a. Martínez Alonso
- M^a. Alejandra Sousa Fernández

1 Técnico/a Medio/a Subgrupo A2 : **INCLUIDA NA OEP-2016-ARQUITECTO/A TECNICO/A-APARELLADOR/A**

- Muiños Acuña, Xosé Antonio

2 Auxiliar Administrativo/a.- C1 - **INCLUIDAS 5 PRAZAS NA OEP-2016-AUXILIAR ADMÓN. XERAL**

Virginia Pereiras Bermejo.- 02/10/2017-

M.^a Tatiana Núñez Vázquez.- 02/06/2017 – Cese en data

22/12/2017 (Indemniz)

3 Administrativas C1 (Servizo TURISMO) – **INCLUIDA NA OEP-2016-ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL**

M.^a. José García Oliveira

Enma Díaz López

Natalia Barreiro Fidalgo

1 Auxiliar Administrativo/a-C2 (OSPIO) - **INCLUIDAS 5 PRAZAS NA OEP-2016-AUXILIAR ADMÓN. XERAL**

Verónica Costas Rodríguez- **OEP 2016 Auxiliar Admón. Xeral**

3 Administrativos/as C1 (PARTICIPACIÓN CIDADÁ)- **INCLUIDA OEP-2016-ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL**

Rosa M.^a Barandela Vázquez-

Patricia Villar Posada-

Susana Bernárdez Fernández-

TOTAL PERSONAL INDEFINIDO POR SENTENZA XUDICIAL A 20/DECEMBRO/2017.....38 EFECTIVOS”

Terceiro.- Na publicación no BOP 29/12/2017, se recolle o seguinte cadro:

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OBSERVACIONES
TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL(rama xurídica)	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Servizos Esenciais



Concello de Vigo

ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (4) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	Das 4 prazas quenda libre, unha servizo esenciais e tres persoal indefinido. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
AUXILIAR/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	As prazas quenda libre-Persoal indefinido. As 3 da quenda de P.I. corresponden a resto sectores. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
SUBALTERNO/A	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	2	Resto Sectores. Unha delas reservada para persoas con discapacidade
TÉCNICO DE XESTIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Persoal Indefinido
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
ENXEÑEIRO/A DE CAMINOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
ECONOMISTA	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Resto Sectores
TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TEC.SUP.ACT.-CULT. E EDUCATIVAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal indefinido
VETERINARIO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
TECNICO/A MUSICA TRADICIONAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos esenciais
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APARELLADOR	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores

CONSERVADOR/A ZOO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE OFICIOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
PROGRAMADOR/A INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
DELINEANTE	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
MESTRE FORMACIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE FORMACIÓN ORFEBRERÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
INSPECTOR/A MEDIO AMBIENTE	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
INSPECTOR OBRAS, SERV. E INFRAEST.	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	
INSPECTOR/A SEGURIDADE E MOBILIDADE	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
CAPATAZ DE LIMPEZA	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABO-RAL	1	
ENCARGADO/A SERVIZO CEMITERIOS	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LA-BOAL	1	
CONDUTOR/A BOMBEIRO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos Esenciais
POLICIA LOCAL	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	Servizos Esenciais
OPERADOR/A INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
INSPECTOR AUXILIAR SERVICIOS	PROMOCIÓN INTERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
OFICIAL OFICIOS	LIBRE	PERSOAL LABO-RAL	4	Resto Sectores (albanel,desinfector e 2 sepultureiros/as)



Concello de Vigo

OFICIAL OFICIOS	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABORAL	2	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
OFICIAL INSTALACIÓNS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
OFICIAL MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	3	Disp. Trans. 4ª TREBEP
AXUDANTES MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	12	5 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP e as 7 restantes corresponden a persoal indefinido (unha delas reservada para persoas con discapacidade)
TOTAL PRAZAS OEP 2017			79	6 reservadas para persoas con discapacidade (7% das 79 prazas convocadas)

Carto.- En data 29/01/2018, D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI nº *****723 M; D^a Sonia Rodríguez Ricart, con DNI nº *****378 T; D^a Elisa Casal Prieto, con DNI nº *****911 Q; D^a Eva María García Barbosa, con DNI nº *****577 N; D^a María Gloria Pérez Durán, con DNI nº *****404 F; D^a María del Carmen Cores Otero, con DNI nº *****102 X; D^a Sandra Sousa Fernández, con DNI nº *****932 G; D^a Sonia María Martínez Alonso, con DNI nº *****223 P, presentan recurso de reposición contra o citado acordo.

As alegacións presentadas tramítanse ao abeiro do disposto nos artigos 112, 116 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto que recursos potestativos de reposición contra un acto administrativo que pon fin á vía administrativa.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polos recorrentes, en tanto que o 29/12/2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo a aprobación da Oferta de Emprego Público 2017, presentando os recursos o día 29/01/2018.

Segundo.- En canto a solicitud de suspensión, no ámbito do procedemento administrativo, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas parte da executividade dos actos administrativos, *son inmediatamente executivos (artigo 98)*. En concreto, cando se interpoña un recurso administrativo o artigo 117 prevé como regra xeneral que “no suspenderá la ejecución del acto impugnado, si bien el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- **a)** Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- **b)** Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esa Ley.

A estos efectos regúlase un silencio positivo no artigo 117.3 pois a execución do acto impugnado se entenderá suspendida si transcorrido un mes dende que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración u Organismo competente para decidir sobre a mesma, o órgano a quen compete resolver o recurso non ditara e notificara resolución expresa ao respecto. Por outra parte, si da suspensión poden derivarse prexuízos de calquera natureza, aquela so producirá efectos previa prestación de caución ou garantía suficiente para responder de eles, nos términos establecidos regulamentariamente.” No presente caso, a execución do acto impugnado, non supón prexuízos irreparables para os recurrentes. Polo contrario, no caso da suspensión da Oferta de emprego, pode perxudicar á Administración ó retardar a cobertura das prazas vacantes, así como tamén as expectativas de terceiros susceptibles de resultar afectados no dereito ao acceso ao emprego público en condicións de igualdade, mérito e capacidade. Polo tanto non procede a suspensión por non cumprirse os requisitos do artigo 117 da Lei 39/2015

Terceiro.- En primeiro lugar afirman os agora recurrentes que “el acto administrativo recurrido es contrario a Derecho, y, concretamente, el artículo 35 de la Ley 39/2015 en cuanto a su falta de motivación suficiente y el artículo 40 en cuanto a la notificación de los interesados”.

Con respecto a esto dicir por unha parte que a aprobación da oferta de emprego público de 2017 non está incluída en ningún dos supostos do artigo 35 invocado, polo que o mesmo non é de aplicación. Por outra lembrar que o artigo 45 da lei 39/2015 dispón que “Los actos administrativos serán objeto de publicación cuando así lo establezcan las normas reguladoras de cada procedimiento o cuando lo aconsejen razones de interés público apreciados por el órgano competente. En todo caso, los actos administrativos serán objeto de publicación, surtiendo ésta los efectos de la notificación, en los siguientes casos:

a) Cuando el acto tenga por destinatario a una pluralidad indeterminada de personas ...”
En todo caso, tiveron acceso a toda a información, como se pon de manifesto coa presentación do recurso.

En canto o fondo do asunto, o recurso planteado parte dunha confusión entre praza e posto, e parte da existencia dun dereito que non teñen. Hai que partir de dúas premisas



Concello de Vigo

fundamentais: a primeira é que o único dereito que ten o persoal laboral indefinido non fixo, é o de permanencia ata que se regule a súa situación e concorrer ao proceso selectivo que se convoque. A segunda é que en ningún caso teñen dereito a unha praza a medida para cada un deles, que é en realidade o que pretenden. O contrato temporal en fraude de lei conleva a conversión do contrato en indefinido, pero elo non supón que o traballador pase a ser fixo de plantilla da Administración correspondente. Non ocupan ningunha praza. Así os traballadores da Administración declarados "indefinidos non fixos" haberán de cesar, sen ningún condicionamento, en canto se incorpore o seu posto un titular nomeado en forma regulamentaria. O traballador con contrato temporal ao que se prolongue a relación de emprego, a resultas dunha sentenza xudicial, se considera con "contrato indefinido", pero non consolida a situación de fixeza, que unicamente pode alcanzarse mediante os correspondentes procesos selectivos. Polo tanto son traballadores de natureza temporal e están suxeitos a duración determinada -ata a cobertura regulamentaria- de maneira que coñece a causa da terminación da relación, aínda que non o momento en que tal circunstancia ocorrerá.

O vínculo xurídico de indefinición na relación laboral, como sinala a doutrina especializada, vén caracterizado pola nota de indefinición que a propia verba indica, pero que está suxeita "a una condición resolutoria como es la cobertura reglamentaria de la plaza, formando parte esta condición de su contrato por ministerio de la ley".

Os actos ou negocios xurídicos suxeitos a condición resolutoria teñen longa tradición nos sistemas xurídicos de Dereito continental, herdeiros das institucións e tradicións propias do Dereito Romano, e estivo incorporada ao noso sistema xurídico ao longo da Historia, recolléndose na actualidade no vixente Código Civil, en cuxos artigos 1113 a 1124 se regula con detalle o citado instituto xurídico. (O dies incertus como elemento integrante do negocio xurídico sometido a condición resolutoria implicaba a cesación dos efectos do mesmo ao materializarse a condición ou evento preciso, concreto e determinado).

En concreto, o artigo 1114 do mesmo contempla que: "En las obligaciones condicionales la adquisición de los derechos, así como la resolución o pérdida de los ya adquiridos, dependerán del acontecimiento que constituya la condición."

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de **mérito** e **capacidade** (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á **igualdade** de trato no artigo 14. Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

Por tanto, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non se produciu no seu momento, xerando os pronunciamentos xudiciais firmes de indefinición que permiten que continúe dito persoal desenvolvendo as funcións xudicialmente recoñecidas á data de hoxe en idénticas condicións ás indicadas nas sentenzas.

A tal efecto, efectuaremos unha análise de determinados preceptos que se estiman de aplicación ao suposto que nos ocupa:

a) Os artigos 8 e 11 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público que contemplan dentro da categoría de empregados públicos ao persoal laboral, indefinido, en relación ao cal debe manifestarse a relación laboral indefinida non se concerta expresamente pola Administración Pública, pois ésta ten que acudir para cubrir os postos vacantes a personal fixo seleccionado en procesos de selección de persoal públicos e en concorrencia competitiva”.

O persoal laboral temporal indefinido non fixo, é a recepción legal da construción xurisprudencial elaborada polo TS para armonizar os principios de estabilidade no emprego e acceso a empregos públicos segundo as esixencias dos principios de igualdade, mérito e capacidade; básicamente, é indefinido non fixo o traballador cuxo contrato temporal é considerado, por aplicación da lexislación laboral, en fraude de Lei. Se non é temporal polo Dereito Laboral, tampouco é fixo de plantilla polo Dereito Constitucional e Administrativo, polo que devén en un “tertium genus” caracterizado por non estar suxeito a término pero sen a condición de plantilla.

b) O artigo 103.3 da vixente Constitución de 1978 establece que a Lei regulará o acceso á función pública con arranxo aos principios de mérito e capacidade; dereito de configuración constitucional e legal que atopa a súa plasmación no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que:

“1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.”

Polo tanto, e pola ampla motivación exposta, non cabe dúbida de que calquera vínculo laboral de indefinición non fixo ten como horizonte natural e destino último necesario a súa obrigada regularización ou extinción, ben a través da participación nos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público ou ben través do redimensionamento do servizo correspondente e reordenación da actividade permanente, que leve aparelhada a conseguinte amortización de postos de traballo e a avaliación dos recursos humanos dispoñibles na concreta organización destinados á prestación dos servizos públicos.

Cuarto.- Polo que respecta a motivación do recurso na que afirman que “están desempeñando postos existentes antes de enero de 2005 y con partida presupuestaria, ergo sus



Concello de Vigo

puestos deben ser relacionados en la OEP en las cuales se pretendan ofertar como plazas con la observación correspondiente para la aplicación de la DT 4ª TRLEBEP, y la adscripción de las personas debe ser en un número igual al de plazas convocadas, nunca en número distinto. Cada puesto estructural será correspondido por una plaza en la RPT.

Este motivo do recurso non pode ser estimado, dado que denota unha profunda confusión dos conceptos legais de "postos de traballo" e "praza" (conceptos propios do Dereito Administrativo do Emprego Público); conceptos que, no Dereito Laboral, recondúcense a un único concepto, o de "posto de traballo", entendido éste como equivalente a categoría profesional.

No ámbito do emprego público, o concepto de praza concrétese na dotación orzamentaria existente dentro do capítulo I de gastos de cada Orzamento Municipal e destinada a retribuir o exercicio de funcións públicas por parte de efectivos encadrados nos subgrupos de titulación contemplados no TREBEP, así como no sistema de Corpos, Escalas, Subescalas, Clase e categorías contemplado nos artigos 167 a 175 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local.

E toda que vez que non se dada o suposto fáctico necesario para a aplicabilidade do previsto na DT 4ª da Lei 7/2207, do 12 de abril, do EBEP (existencia de praza dotada orzamentariamente na concreta data legalmente indicada) como así pode comprobarse das sucesivas plantillas municipais anexas a cada Orzamento Municipal do Concello de Vigo en anteriores exercicios económicos, non resulta viable legalmente a aplicación invocada polos recorren-tes.

En canto á invocación de que as prazas se atopaban creadas e cubertas, certo é que, nunha modificación do cadro de persoal efectuada no ano 2011 a petición do antigo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, procedeuse á creación de determinadas prazas en plantilla, que en modo algún foron cubertas con persoal indefinido. Non existe acto administrativo algún que avale dita teoría; debendo deixarse constancia de que o persoal laboral indefinido existente no Concello de Vigo non se atopa asociado a posto de traballo algún, estando en situación de provisionalidade ata a súa regularización polos mecanismos legalmente previstos, imputando os seus custes salariais ás aplicacións orzamentarias específicas (persoal temporal non permanente ou masa salarial retributiva destinada a afrontar os custes das concretas situacións laborais xudicialmente recoñecidas).

Pola súa banda, o concepto de "posto de traballo" atópase desvinculado e diferenciado do concepto de "praza" xa descrito, sendo o primeiro definible como o conxunto de funcións integradoras e descritivas que un efectivo debe desempeñar unha vez se atope adscrito ao mesmo.

O persoal laboral indefinido desenvolve as funcións que unha resolución xudicial lle recoñece que debe desenvolver mentres a súa regularización -único horizonte posible, de conformidade coa lexislación vixente- non se produza. Non existindo, no seu caso, acto administrativo de adscripción concreta a postos de traballo existentes e vacantes na RPT; como sí sucede con persoal municipal (funcionario de carreira e laboral fixo) fixo de plantilla no Concello de Vigo."

Non é posible así aplicar ao persoal laboral indefinido non fixo a DT 4º do TREBEP. A xurisprudencia parte da premisa de que os procesos de consolidación de emprego público temporal son procesos especiais en relación co acceso ao emprego público (sometidos aos principios recoñecidos nos artigos 9, 23.2, e 103.3 CE que deben rexer o acceso), que se xustifican en atención a valores igualmente constitucionais como o dereito ao traballo (artigo 35.1 CE) e a obtención do pleno emprego (artigo 40.1 da CE).

A xurisprudencia constitucional admite estes procesos de consolidación de emprego temporal nun determinado contexto histórico caracterizado pola construción do Estado autonómico e a consolidación dunhas Administracións emerxentes, pero o fai a partir de tres premisas (SSTC 27/1991; 151/1992; 185/1994; 16/1998; 12/1999; 16/1998).

En primeiro lugar, su carácter excepcional. Indica el TC que estos sistemas de acceso “han de considerarse como un procedimiento proscrito por el art. 23.2 CE, si bien no cabe excluir que, en determinados casos excepcionales, la diferencia de trato establecida en la ley en favor de unos y en perjuicio de otros pueda considerarse como razonable, proporcionada y no arbitraria a los efectos de la desigualdad de trato que establece, siempre que dicha diferenciación se demuestre como un medio excepcional para resolver una situación también excepcional”. En segundo lugar, entende o TC que resulta lexítima esta solución “cuando sólo se acude a este tipo de procedimientos por una sola vez, pues de otro modo se perdería su condición de remedio excepcional para una situación igualmente excepcional”. En terceiro lugar, se require que esté “expresamente prevista en una norma con rango de ley y con el objeto de alcanzar una finalidad constitucionalmente legítima, entre las que se integra también la propia eficacia de la Administración”. Aínda que as previsións legais habilitadoras de a consolidación do emprego público temporal e súa lexitimación polo TC nos términos indicados se sitúan nun contexto histórico de construción do Estado autonómico e de consolidación dunhas Administracións emerxentes, o certo é que coa DT 4ª EBEP o lexislador entende que estes procesos excepcionais poden xustificarse no momento presente sempre que existan razóns excepcionais e se den os requisitos previstos na norma. A DT 4ª é unha medida potestativa (“Las Administraciones Públicas podrán ...”) para as AAPP que poderá aplicarse tanto ao persoal funcionario interino como ao persoal laboral temporal, sempre que se den os requisitos legais.

En atención a todo o exposto, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar a petición de suspensión do acto impugnado, solicitada por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI nº *****723 M; Dª Sonia Rodríguez Ricart, con DNI nº *****378 T; Dª Elisa Casal Prieto, con DNI nº *****911 Q; Dª Eva María García Barbosa, con DNI nº *****577 N; Dª María Gloria Pérez Durán, con DNI nº *****404 F; Dª María del Carmen Cores Otero, con DNI nº *****102 X; Dª Sandra Sousa Fernández, con DNI nº *****932 G; Dª Sonia María Martínez Alonso, con DNI nº *****223 P.



Concello de Vigo

Segundo.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto por D. Xosé Alberte Cea Rodríguez, con DNI nº *****723 M; D^a Sonia Rodríguez Ricart, con DNI nº *****378 T; D^a Elisa Casal Prieto, con DNI nº *****911 Q; D^a Eva María García Barbosa, con DNI nº *****577 N; D^a María Gloria Pérez Durán, con DNI nº *****404 F; D^a María del Carmen Cores Otero, con DNI nº *****102 X; D^a Sandra Sousa Fernández, con DNI nº *****932 G; D^a Sonia María Martínez Alonso, con DNI nº *****223 P.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(156).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE DATA 28/12/2017 POLO QUE SE APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2017. EXPTE: 31438/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/02/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data de data 28/12/2017, adoptou acordo aprobando a Oferta de Emprego Público de 2017 (publicación oficial no BOP 29/12/2017).

Segundo.- No acordo da XGL de data 28/12/2017 consta que:

“Asimesmo, figuran vacantes as seguintes 10 das 13 prazas creadas por acordo Plenario de data 28/04/2011 (Expte 8215-77), en relación ao persoal laboral indefinido susceptible de regularización:

- 3 Técnicos de Xestión (unha xa incluída na OEP/2015 pola quenda libre.
- 1 Técnico Medio Servizos Económicos
- 1 Arquitecto-técnico/Aparellador.
- 1 Administrativo Admón. Xeral.
- 2 Auxiliar Admón. Xeral.
- 1 Técnico Actividades Culturais e Educativas.
- 1 Técnico Medio Actividades Culturais e Educativas. Dita praza foi cuberta na OEP 2013 pola quenda de P.I.

Por último indicar que todo o persoal laboral indefinido existente no concello deberá ser regularizado, contemplando nas Ofertas de Emprego de cada ano as prazas necesarias ao efecto, tal e como se ven expoñendo nas diferentes Mesas Xerais de Negociación de cada ano.

Neste intre, e toda vez que pasaron a depender do Concello os antigos organismos autónomos Universidade Popular, Vigo-Zoo e Instituto Municipal dos Deportes, figuran en situación de laborais indefinidos por sentenza xudicial os seguintes traballadores:

PERSOAL INDEFINIDO PERO NON FIXO.- SENTENZAS XUDICIAIS PENDENTE DE INCLUIR EN OEPs

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

1 Mestre Formación- **INCLUIR OEP 2017 MESTRE FORMACIÓN ORFEBREÍA**

- Pablo Otero Pino, C1-Mestre Formación (Profesor Encadernación)

INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES

10 Axudantes mantemento- **INCLUIR OEP 2017-AXUDANTE MANTEMENTO**

- Jorge Castro Marcote
- Alejandro Italiani Álvarez
- Alberto Teixeira Rodríguez
- José Antonio Cerviño Pérez
- Miguel Rial Sanromán
- Antonio Iglesias Abalde
- Miguel Angel Santibáñez Pascual
- Sonia Vila Aragunde
- Fabio García Álvarez
- Miguel José Pujol Lima

VIGO-ZOO

1 Oficial Coidador, mantemento, vixianza e control.- **INCLUIDA NA OEP-2016-OFICIAL COIDADOR**

- Ivan Julio Ramos Martínez, oficial coidador,

RESTO SERVIZOS MUNICIPAIS

- 1 Técnico/a Superior-A1
- 3 Técnicos/as Superiores/as-A1
- 1 Diplomado/a Educación Social-A2
- 10 Técnicos/as Medios-A2



Concello de Vigo

- 1 Técnico Medio-Encargado Obras-A2
- 1 Encargado Programa Util-C1
- 1 Delineante-C1
- 3 Auxiliar Administrativo/a-C2
- 6 Administrativos/as -C1

TOTAL26 Traballadores/as

TOTAL PERSONAL INDEFINIDO POR SENTENZA XUDICIAL A 20/DECEMBRO/2017.....38 EFECTIVOS, segundo seguinte detalle:

- 1 Delineante-C1 (Ospio).- **INCLUIR OEP 2017- DELINEANTE**

- Begoña Buján Otero - Ospio

- 1 Encargado Programa Útil.- C1 – **PENDENTE REGULARIZAR**

soal Municipal, aos efectos da poda presentarse na OEP - Isabel Pérez Rodríguez- **Reconvertir praza Cadro de Per- de que a interesa- 2018**

- 3 Tecnicos/as Superiores-A1.- **INCLUIR OEP 2017.- TEC. SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS**

- Begoña Estévez Rodríguez
- Eva N^a- Magadán Mompó
- Carlos Juncal Gil

- 1 Técnico/a Superior-A1 :**INCLUIDA NA OEP-2016-ENXEÑEIRO INDUSTRIAL**

- Ana M.^a. Mouriz Martínez

- 1 Diplomada Educación Social -A2 - **PENDENTE REGULARIZAR**

Persoal Municipal, aos efectos de que a interesada poda presentarse na OEP 2018 - Raquel Núñez Hernández - **Reconvertir praza Cadro de efectos de**

- 10 Técnico/a Medio/a Subgrupo A2 : **INCLUIDA NA OEP-2015 - TECNICO/A DE XESTIÓN**

- M^a. Pilar Pita Balteiro.-
- Sonia Rodríguez Ricart
- Celia de Monasterio Roldán
- Elisa Casal Prieto
- Eva García Barbosa
- Xosé Alberte Cea Rodríguez

- M^a. Gloria Pérez Durán
- M^a. Carmen Cores Otero
- Sonia M^a. Martínez Alonso
- M^a. Alejandra Sousa Fernández

1 Técnico/a Medio/a Subgrupo A2 : **INCLUIDA NA OEP-2016-ARQUITECTO/A TECNICO/A-APARELLADOR/A**

- Muiños Acuña, Xosé Antonio

2 Auxiliar Administrativo/a.- C1 - **INCLUIDAS 5 PRAZAS NA OEP-2016-AUXILIAR ADMÓN. XERAL**

Virginia Pereiras Bermejo.- 02/10/2017-

M.^a Tatiana Núñez Vázquez.- 02/06/2017 – Cese en data

22/12/2017 (Indemniz)

3 Administrativas C1 (Servizo TURISMO) – **INCLUIDA NA OEP-2016-ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL**

M.^a. José García Oliveira
Enma Díaz López
Natalia Barreiro Fidalgo

1 Auxiliar Administrativo/a-C2 (OSPIO) - **INCLUIDAS 5 PRAZAS NA OEP-2016-AUXILIAR ADMÓN. XERAL**

Verónica Costas Rodríguez- **OEP 2016 Auxiliar Admón. Xeral**

3 Administrativos/as C1 (PARTICIPACIÓN CIDADÁ)- **INCLUIDA OEP-2016-ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL**

Rosa M.^a Barandela Vázquez-
Patricia Villar Posada-
Susana Bernárdez Fernández-

TOTAL PERSONAL INDEFINIDO POR SENTENZA XUDICIAL A 20/DECEMBRO/2017.....38 EFECTIVOS”

Terceiro.- Na publicación no BOP 29/12/2017, se recolle o seguinte cadro:

PRAZA	QUENDA (turno libre/promoción interna)	TIPO DE VÍNCULO XURÍDICO (funcionarios de carreira/persoal laboral fixo)	NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS	OBSERVACIONES



Concello de Vigo

TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL(rama xurídica)	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Servizos Esenciais
ADMINISTRATIVO/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (4) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	Das 4 prazas quenda libre, unha servizos esenciais e tres persoal indefinido. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
AUXILIAR/A ADMÓN. XERAL	LIBRE (2) PROMOCIÓN INTERNA (3)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	As prazas quenda libre-Persoal indefinido. As 3 da quenda de P.I. corresponden a resto sectores. Unha das reservadas pola quenda de P.I. para persoas con discapacidade
SUBALTERNO/A	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	2	Resto Sectores. Unha delas reservada para persoas con discapacidade
TÉCNICO DE XESTIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	3	Persoal Indefinido
ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
ENXEÑEIRO/A DE CAMINOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
ECONOMISTA	LIBRE (1) PROMOCIÓN INTERNA (1)	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Resto Sectores
TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TEC.SUP.ACT.-CULT. E EDUCATIVAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal indefinido
VETERINARIO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
TECNICO/A MUSICA TRADICIONAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos esenciais
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores

ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APA- RELLADOR	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
CONSERVA- DOR/A ZOO	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
TÉCNICO/A ME- DIO BIBLIOTE- CAS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE OFI- CIOS	LIBRE	FUNCIONARIO DE CAREIRA	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
PROGRAMA- DOR INFORMÁ- TICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto Sectores
DELINEANTE	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
MESTRE FOR- MACIÓN	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	Disp. Trans. 4ª TREBEP
MESTRE FOR- MACIÓN ORFE- BRERÍA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Persoal Indefinido
INSPECTOR/A MEDIO AMBIEN- TE	PROMOCIÓN IN- TERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
INSPECTOR OBRAS, SERV. E INFRAEST.	PROMOCIÓN IN- TERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	
INSPECTOR/A SEGURIDADE E MOBILIDADE	PROMOCIÓN IN- TERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	
CAPATAZ DE LIMPEZA	PROMOCIÓN IN- TERNA	PERSOAL LABO- RAL	1	
ENCARGADO/A SERVIZO CEMI- TERIOS	PROMOCIÓN IN- TERNA	PERSOAL LA- BOAL	1	
CONDUTOR/A BOMBEIRO/A	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Servizos Esenciais
POLICIA LOCAL	TURNO LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	5	Servizos Esenciais
OPERADOR/A INFORMÁTICA	LIBRE	FUNCIONARIO DE CARREIRA	1	Resto sectores
INSPECTOR AU- XILIAR SERVI- ZOS	PROMOCIÓN IN- TERNA	FUNCIONARIO DE CARREIRA	2	Unha delas reservada para persoas con discapa- cidade



Concello de Vigo

OFICIAL OFICIOS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	4	Resto Sectores (albanel,desinfectores e 2 sepultureiros/as)
OFICIAL OFICIOS	PROMOCIÓN INTERNA	PERSOAL LABORAL	2	Unha delas reservada para persoas con discapacidade
OFICIAL INSTALACIÓNS	LIBRE	PERSOAL LABORAL	1	Disp. Trans. 4ª TREBEP
OFICIAL MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	3	Disp. Trans. 4ª TREBEP
AXUDANTES MANTEMENTO	LIBRE	PERSOAL LABORAL	12	5 pola Disp. Trans. 4ª TREBEP e as 7 restantes corresponden a persoal indefinido (unha delas reservada para persoas con discapacidade)
TOTAL PRAZAS OEP 2017			79	6 reservadas para persoas con discapacidade (7% das 79 prazas convocadas)

Carto.- En data 26/01/2018, D^a Susana Bernardez Fernández, con DNI nº *****513 Q; D^a Patricia Villar Posada, con DNI nº *****311 N; D^a Rosa Barandela Vázquez, con DNI *****907 T, presentan recurso de reposición contra o citado acordo.

As alegacións presentadas tramítanse ao abeiro do disposto nos artigos 112, 116 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en canto que recursos potestativos de reposición contra un acto administrativo que pon fin á vía administrativa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición. No caso que nos ocupa é indubidable a lexitimación dos recorrentes posto que son titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo acto que agora se impugna.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polos recorrentes, en tanto que o 29/12/2017, foi publicado no BOP, o acordo da Xunta de Goberno Local, agora impugnado, relativo a aprobación da Oferta de Emprego Público 2017, presentando os recursos o día 29/01/2018.

Segundo.- En canto o fondo do asunto, o recurso planteado parte dunha confusión entre praza e posto, e parte da existencia dun dereito que non teñen. Hai que partir de dúas premisas fundamentais: a primeira é que o único dereito que ten o persoal laboral indefinido non fixo, é o de permanencia ata que se regule a súa situación e concorrer ao proceso selectivo que se convoque. A segunda é que en ningún caso teñen dereito a unha praza a medida para cada un deles, que é en realidade o que pretenden. O contrato temporal en fraude de lei conlleva a conversión do contrato en indefinido, pero elo non supón que o traballador pase a ser fixo de plantilla da Administración correspondente. Non ocupan ningunha praza. Así os traballadores da Administración declarados “indefinidos non fixos” haberán de cesar, sen ningún condicionamento, en canto se incorpore o seu posto un titular nomeado en forma regulamentaria. O traballador con contrato temporal ao que se prolongue a relación de emprego, a resultas dunha sentenza xudicial, se considera con “contrato indefinido”, pero non consolida a situación de fixeza, que unicamente pode alcanzarse mediante os correspondentes procesos selectivos. Polo tanto son traballadores de natureza temporal e están suxeitos a duración determinada -ata a cobertura regulamentaria- de maneira que coñece a causa da terminación da relación, aínda que non o momento en que tal circunstancia ocorrerá.

O vínculo xurídico de indefinición na relación laboral, como sinala a doutrina especializada, ven caracterizado pola nota de indefinición que a propia verba indica, pero que está suxeita “a una condición resolutoria como es la cobertura reglamentaria de la plaza, formando parte esta condición de su contrato por ministerio de la ley”.

Os actos ou negocios xurídicos suxeitos a condición resolutoria teñen longa tradición nos sistemas xurídicos de Dereito continental, herdeiros das institucións e tradicións propias do Dereito Romano, e estivo incorporada ao noso sistema xurídico ao longo da Historia, recolléndose na actualidade no vixente Código Civil, en cuxos artigos 1113 a 1124 se regula con detalle o citado instituto xurídico. (O dies incertus como elemento integrante do negocio xurídico sometido a condición resolutoria implicaba a cesación dos efectos do mesmo ao materializarse a condición ou evento preciso, concreto e determinado).

En concreto, o artigo 1114 do mesmo contempla que: “En las obligaciones condicionales la adquisición de los derechos, así como la resolución o pérdida de los ya adquiridos, dependerán del acontecimiento que constituya la condición.”

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de **mérito** e **capacidade** (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á **igualdade** de trato no artigo 14. Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

Por tanto, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non se produciu no seu momento, xerando os pronunciamentos xudiciais firmes de indefinición que permiten que continúe dito persoal desenvolvendo as funcións xudicialmente recoñecidas á data de hoxe en idénticas condicións ás indicadas nas sentenzas.

A tal efecto, efectuaremos unha análise de determinados preceptos que se estiman de aplicación ao suposto que nos ocupa:



Concello de Vigo

a) *Os artigos 8 e 11 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público que contemplan dentro da categoría de empregados públicos ao persoal laboral, indefinido, en relación ao cal debe manifestarse a relación laboral indefinida non se concerta expresamente pola Administración Pública, pois ésta ten que acudir para cubrir os postos vacantes a personal fixo seleccionado en procesos de selección de persoal públicos e en concorrencia competitiva”.*

O persoal laboral temporal indefinido non fixo, é a recepción legal da construción xurisprudencial elaborada polo TS para armonizar os principios de estabilidade no emprego e acceso a empregos públicos segundo as esixencias dos principios de igualdade, mérito e capacidade; básicamente, é indefinido non fixo o traballador cuxo contrato temporal é considerado, por aplicación da lexislación laboral, en fraude de Lei. Se non é temporal polo Dereito Laboral, tampouco é fixo de plantilla polo Dereito Constitucional e Administrativo, polo que devén en un “tertium genus” caracterizado por non estar suxeito a término pero sen a condición de plantilla.

b) *O artigo 103.3 da vixente Constitución de 1978 establece que a Lei regulará o acceso á función pública con arranxo aos principios de mérito e capacidade; dereito de configuración constitucional e legal que atopa a súa plasmación no artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que:*

“1. Todos los ciudadanos tienen derecho al acceso al empleo público de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, y de acuerdo con lo previsto en el presente Estatuto y en el resto del ordenamiento jurídico.

2. Las Administraciones Públicas, entidades y organismos a que se refiere el artículo 2 del presente Estatuto seleccionarán a su personal funcionario y laboral mediante procedimientos en los que se garanticen los principios constitucionales antes expresados, así como los establecidos a continuación:

- a) Publicidad de las convocatorias y de sus bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidad y profesionalidad de los miembros de los órganos de selección.*
- d) Independencia y discrecionalidad técnica en la actuación de los órganos de selección.*
- e) Adecuación entre el contenido de los procesos selectivos y las funciones o tareas a desarrollar.*
- f) Agilidad, sin perjuicio de la objetividad, en los procesos de selección.”*

O recurso planteado denota unha profunda confusión dos conceptos legais de "postos de traballo" e "praza" (conceptos propios do Dereito Administrativo do Emprego Público); conceptos que, no Dereito Laboral, recondúcense a un único concepto, o de "posto de traballo", entendido éste como equivalente a categoría profesional.

No ámbito do emprego público, o concepto de praza concrétese na dotación orzamentaria existente dentro do capítulo I de gastos de cada Orzamento Municipal e destinada a retribuir o exercicio de funcións públicas por parte de efectivos encadrados nos subgrupos de titulación contemplados no TREBEP, así como no sistema de Corpos, Escalas, Subescalas,

Clase e categorías contemplado nos artigos 167 a 175 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local.

Pola súa banda, o concepto de "posto de traballo" atópase desvinculado e diferenciado do concepto de "praza" xa descrito, sendo o primeiro definible como o conxunto de funcións integradoras e descritivas que un efectivo debe desempeñar unha vez se atope adscrito ao mesmo.

O persoal laboral indefinido desenvolve as funcións que unha resolución xudicial lle recoñece que debe desenvolver mentres a súa regularización -único horizonte posible, de conformidade coa lexislación vixente- non se produza. Non existindo, no seu caso, acto administrativo de adscripción concreta a postos de traballo existentes e vacantes na RPT; como sí sucede con persoal municipal (funcionario de carreira e laboral fixo) fixo de plantilla no Concello de Vigo."

Polo tanto, e pola ampla motivación exposta, non cabe dúbida de que calquera vínculo laboral de indefinición non fixo ten como horizonte natural e destino último necesario a súa obrigada regularización ou extinción, ben a través da participación nos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público ou ben través do redimensionamento do servizo correspondente e reordenación da actividade permanente, que leve aparellada a conseguinte amortización de postos de traballo e a avaliación dos recursos humanos dispoñibles na concreta organización destinados á prestación dos servizos públicos.

Neste caso que nos ocupa, cada unha das relacións laborais recoñecidas por Sentencia, ao ser declaradas como persoal laboral temporal indefinido non fixo, están vinculada á Oferta de Emprego 2016, esa afectación e de sobra coñecida polas recorrentes, toda vez que os acordos da Xunta de Goberno Local son públicos, constando con nomes e apelidos esa vinculación, e como o demostra os recursos interpostos. Esa situación de indefinición debe ser regularizada, o que ocurrirá no momento en que ó finalizar os procesos selectivos correspondentes, se incorpore un titular nomeado en forma regulamentaria. Por último engadir que as OEP son negociadas a través das Mesas de Negociación cos sindicatos e constan documentadas nas correspondentes actas.

En atención a todo o exposto, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto por D^a Susana Bernardez Fernández, con DNI nº *****513 Q; D^a Patricia Villar Posada, con DNI nº *****311 N; D^a Rosa Barandela Vázquez, con DNI *****907 T.



Concello de Vigo

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos recorrentes, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(157).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS DO ARTIGO 10.1. DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, COMO SUBALTERNO. EXPTE: 31267/220.

Visto o informe de fiscalización do 19/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 22/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa de da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta nesta Área de RRHH e Formación petición solicitando o nomeamento interino de subalternos, e dada a falta de aspirantes en condicións de ser nomeados, a realización dos trámites necesarios para ter unha bolsa de emprego na categoría de subalternos (nº expte 505-201), necesarios para garantir a eficiente prestación dos servizos, copia do cal se anexou ao presente expediente.

II.- O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 16/01/2018, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como subalterno, á maior brevidade. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

III.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requere a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo esixe como requisitos específicos para o desempeño do postos de traballo obxecto da convocatoria do Grupo E de titulación, que son os seguintes:

Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade ou estudos primarios, ou equivalente segundo certificación de equivalencia expedida pola administración competente.

Como requisitos xerais para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc..), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.



Concello de Vigo

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Así mesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio da mesma a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como subalterno, integrado no subgrupo E, e que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño de 2015”

Terceiro.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Subalterno, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO ÚNICO do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO ÚNICO

Bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego, que permita os nomeamento interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público como subalterno, integrado no grupo E. Expte. 30701/220.

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Subalterno, grupo E, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP).

II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.



Concello de Vigo

- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión ou en condición de obter o certificado de escolaridade ou estudos primarios ou equivalente segundo certificación de equivalencia expedida pola administración competente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusamente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou certificación académica que acredite haber realizado e aprobado os estudos completos e necesarios e que se efectuou o depósito para a expedición do mesmo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para a toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de oficial de oficios e Operador de Informática antes relacionadas.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de

función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario que figura anexo a estas bases, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos teóricos-prácticos ou, realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.



Concello de Vigo

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 2 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **20 días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación do

anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”) e, no seu caso, do título CELGA 2 ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 ou A2 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos



Concello de Vigo

legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na paxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo o seu organismo autónomo, encadrado/a no grupo E de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexerán polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.



Concello de Vigo

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

T E M A R I O

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- O municipio. Organización municipal e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións.

Tema 3.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída dos documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións. Práctica da notificación.

Tema 4.- O estatuto básico do empregado publico. Persoal ao servizo das entidades locais. Dereitos e deberes.

Tema 5.- Funcións propias da subescala de subalternos. Funcións de relación co público, información e atención. Relación cidadá-administración.

Tema 6.- Recepción. Control de accesos, entrada e saída. Vixilancia e control. Servizo de chaves e o seu control. Apertura e peche do centro.

Tema 7.- Manexo de máquinas reprodutoras, fotocopiadoras, encadernadoras e análogos. Preparación de salas de reunión.

Tema 8.- Distribución de documentos, obxectos e correspondencia. Servizos postais: conceptos básicos.

Tema 9.- Nocións básicas sobre seguridade en edificios, emerxencia e evacuación. Especial referencia á saúde laboral e prevención de riscos laborais. Traslado de cargas.

Tema 10.- Breve descrición do termo municipal de Vigo. Localización dos distintos servizos municipais e centros oficiais.

12(158).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO SEGUINTE EXPEDIENTE “CONTROL ARQUEOLÓXICO PREVIO AOS TRABALLOS DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE” (PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA) . EXPTE. 4748/440.

Dáse conta do informe-proposta do 16/02/18, asinado pola técnica de Xestión-FEDER-Vigo Vertical, o xefe dos servizos xurídicos-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 7 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou “encargar á empresa concesionaria da Xestión integral do Servizo de Abastecemento e Sa-



Concello de Vigo

neamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE”.

IV.- Como queira que esta actuación afecta a rúa Jacinto Benavente, desde o cruce coa Avda. de Beiramar ata o cruce coa rúa Juan Ramón Jiménez e o tramo inicial da rúa transcorre polo ámbito de protección do xacemento Picacho San Francisco e o resto polo xacemento de Marqués de Valterra, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, autorizou, a solicitude do Concello de Vigo a dita renovación da rede de saneamento, condicionada á realización dunhas sondaxes avaliativas previas; sondaxes avaliativas cuxo proxecto, redactado por don Santiago Vázquez Collazo, foi remitido á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que, con data 13 de xaneiro de 2017, autorizou a súa realización, baixo as condicións que na dita resolución figuran.

V.- Doutra parte e toda vez que a actuación afecta tamén a terreos da Autoridade Portuaria, con data de 6 de abril de 2017 solicitouse autorización desta para a execución dos “Traballos de renovación da rede de saneamento e control arqueolóxico, na rúa Jacinto Benavente”; autorización que foi concedida pola Autoridade Portuaria con data 4 de maio de 2017, coas condicións que na autorización se consignan.

VI.- Con data 17 de febreiro de 2017, Aqualia-FCC Vigo UTE presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización das sondaxes de referencia, cun presuposto de 34.370,90 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de UN (1) MES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VII.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 8.115,54 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 13/09/17, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Jerónimo Centrón Castaños.

VIII.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro de 2018 se acordou a aprobación do Proxecto e custos asociados ao mesmo para a execución do control arqueolóxico previo aos traballos de renovación da rede de saneamento da rúa Jacinto Benavente, por importes de 34.370,90 euros (IVE excluído) e 8.115,54 euros (IVE excluído), respectivamente.

IX.- En data 13 de febreiro de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 4.748/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 28.883,11 €
- Presuposto de contrata: 34.370,90 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: Galaicontrol.
- Dirección de obra D. Jerónimo Centrón Castañón e D. Xacobe Paz Salgado.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**CONTROL ARQUEOLÓXICO PREVIO AOS TRABALLOS DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA JACINTO BENAVENTE**”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(159).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA FESTA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA, “FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2018”. EXPTE. 6989/104.

Visto o informe xurídico do 19/02/18, dáse conta do informe-proposta do 07/02/18, asinado pola técnica de actividades turísticas, a concelleira-delegada de Turismo e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

De conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, recolle no título VII, referente á promoción e fomento do turismo, un capítulo específico sobre as medidas de promoción e fomento no que se inclúe o artigo 93, que prevé a declaración de festas de interese turístico de Galicia e que sinala que a declaración farase segundo se determine reglamentariamente en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigo, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

Mediante a Resolución 12 de abril de 2004 se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 2 de abril de 2004, que declara festa de Galicia de interese turístico, á festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas.

A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical "Cidade de Vigo - Vila de Bouzas", que adoita retransmitir en directo Televisión de Galicia.



Concello de Vigo

Dende o servizo de Festas, apróbase cada ano un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a confraría do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas, que cargarase á partida 3380.489.0011 do Servizo de Festas. O Concello comprométese a conceder una subvención por importe de 8.100€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto “Convenio Comisión Festas de Bouzas”

En data 2 de febreiro de 2018 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA N°24, a RESOLUCIÓN do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

PROPOSTA

1. Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do “Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2018”, ao abeiro da convocatoria da Axencia de Turismo de Galicia por importe de 4.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, Resolución de 2 de febreiro de 2018, DOG N°24 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico para Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

2. O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(160).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 8559/336.

Visto o informe de fiscalización do 31/01/18 e informe xurídico do 06/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 18/01/18, asinado pola xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **28 de febreiro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336) .

Como melloras o contratista se compromete a aportar as seguintes:

- A realización de 200 horas de formación impartidas por persoal especializado distinto ao contratado para a xestión dos servizos.

- Incrementar sen custe para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula III.B do prego de prescricións técnicas en 250 horas/anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- Con data vinte de marzo de dous mil catorce foi asinado o contrato entre a mercantil ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U cun prazo de execución de catro anos, e dúas prórrogas dun ano cada una, sendo a data de inicio o día 21 de marzo de 2014 (segundo a cláusula 4 de dito contrato).

3.- Esta Xefatura como responsable do citado contrato, fai constar que a empresa ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U, cumpriu satisfactoriamente co establecido no mesmo desenvolvendo todas as obrigas e compromisos acordados e sen ningún tipo de incumprimento.

Á vista do exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, previo informe da Intervención Xeral, **PROPONSE a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

“PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato de xestión servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude, polo periodo dun ano a partires do 21 de marzo de 2018 e ata o 20 de marzo do 2019, por un importe total de **oitenta e seis mil novecentos noventa e nove euros (IVE engadido) (86.999)€**, dos cales 67.665,89 € corresponden ao exercicio 2018 e 19.333,11 € ao exercicio 2019.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **oitenta e seis mil novecentos noventa e nove euros (IVE engadido) (86.999)€**,(67.665,89 € ano 2018 e 19.333,11 € ano 2019). *a favor de ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U N.I.F. B70232012, con cargo á partida 3370.2279901.*

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(161).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.



Concello de Vigo

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez